



CIRCULAR 35-2022

XV CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA SUB10, SUB12 E SUB14 DE PISTA CUBERTA.

- A todas as delegacións da F.G.A.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o XV Campionato Xunta de Galicia Sub 10, Sub12 e Sub14 de pista Cuberta o vindeiro sábado 12 de marzo do 2022 na Pista Cuberta de Ourense en Expourense.

Art.2).- Poderán participar todos os/as atletas que o desexen e teñan licenza pola FGA na tempada 2022.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do luns 7 de marzo do 2022.

O prazo para realizar as baixas será dende a publicación dos aceptados ata ás 10:00 horas do mércores 9 de marzo. Calquera baixa non comunicada en prazo a: competicion@atletismo.gal levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente e unha multa de 3 euros.

Art.5).- Limitación na inscrición: Cada atleta poderá realizar un máximo de dúas probas (no caso de ser carreiras só unha poderá ser superior a 100). Unha vez publicada a listaxe de admitidos, o club deberá dar de baixa aos atletas, nas probas nas que non vaia a participar, ata o mércores 9 de marzo ás 10:00h. De non facelo así a Dirección Técnica farao de oficio.

Art.6).- Entregaranse medallas ós/ás tres primeiros/as atletas de cada categoría sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.7).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, por diante, agás nos saltos que poden levar por diante ou por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.8).- Para as categorías Sub10 e Sub12 non é obrigatorio o uso de tacos nin saída en posición agachada nas probas de velocidade. Para a categoría Sub14 é obrigatorio a saída con catro apoios con ou sen tacos e non se permitirá ningunha saída nula.

Art.9).- Todos/as os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas. Os/as atletas sairán á zona de saída coa roupa de competición posta.

Art.10).- Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas.



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



Art.11).- Horario provisional

XV CTO XUNTA DE GALICIA SUB10, SUB12 E SUB14 - XORNADA DE MAÑÁ 12/03/2022						
HORA	CARREIRA	CATEGORÍA	SEXO	ALTURA	LONXITUDE	PESO
10:30	50	Sub 10	H	Sub 12 H	Sub 12 M	
10:35	50	Sub 10	H			Sub 10 M
10:40	50	Sub 10	H			
10:45	50	Sub 10	H			
10:50	50	Sub 10	M			
10:55	50	Sub 10	M			
11:00	50	Sub 10	M			
11:05	50	Sub 10	M			
11:10	60	Sub 12	H			
11:15	60	Sub 12	H			
11:20	60	Sub 12	H			
11:25	60	Sub 12	H			
11:30	60	Sub 12	M	Sub 12 M	Sub 12 H	Sub 10 H
11:35	60	Sub 12	M			
11:40	60	Sub 12	M			
11:45	60	Sub 12	M			
11:55	500	Sub 10	H			
12:00	500	Sub 10	H			
12:05	500	Sub 10	H			
12:10	500	Sub 10	M			
12:15	500	Sub 10	M			
12:20	500	Sub 10	M			
12:25	500	Sub 12	H			
12:30	500	Sub 12	H	Sub 10 M		Sub 12 H
12:35	500	Sub 12	H			
12:40	500	Sub 12	M			
12:45	500	Sub 12	M			
12:50	500	Sub 12	M		Sub 10 H	
12:55	1000	Sub 10	H			
13:02	1000	Sub 10	H			
13:09	1000	Sub 10	M			
13:16	1000	Sub 10	M			
13:23	1000	Sub 12	H			
13:30	1000	Sub 12	H			Sub 12M
13:37	1000	Sub 12	H	Sub 10 H		
13:44	1000	Sub 12	M		Sub 10 M	
13:51	1000	Sub 12	M			
13:58	1000	Sub 12	M			



XV CTO XUNTA DE GALICIA SUB10, SUB12 E SUB14 – XORNADA DE TARDE 12/03/2022

HORA	CARREIRA	CATEGORÍA	SEXO	ALTURA	FOSO	PESO	PÉRTEGA*
16:30	60 mv	Sub 14	H		Lonx. Sub 14 H	Sub 14 H	Sub 14 H
16:37	60 mv	Sub 14	H				
16:44	60 mv	Sub 14	H				
16:51	60 mv	Sub 14	M				
16:58	60 mv	Sub 14	M				
17:05	60 mv	Sub 14	M				
17:12	500	Sub 14	H				
17:17	500	Sub 14	H			Sub 14 M	
17:22	500	Sub 14	H		Lonx. Sub 14 M		
17:27	500	Sub 14	M				
17:32	500	Sub 14	M				
17:37	500	Sub 14	M				
17:45	60	Sub 14	H				
17:50	60	Sub 14	H	Sub 14 H			
17:55	60	Sub 14	H				
18:00	60	Sub 14	H				Sub 14 M
18:05	60	Sub 14	M				
18:10	60	Sub 14	M				
18:15	60	Sub 14	M				
18:20	60	Sub 14	M				
18:28	1000	Sub 14	H		Triplo Sub 14 H		
18:35	1000	Sub 14	H	Sub 14 M			
18:42	1000	Sub 14	H				
18:49	1000	Sub 14	M				
18:56	1000	Sub 14	M				
19:03	1000	Sub 14	M				
19:10	2000	Sub 14	H				
19:20	2000	Sub 14	H				
19:30	2000	Sub 14	M		Triplo sub 14 M		
19:40	2000	Sub 14	M				

* (Pértega). No caso de ser en total 10 ou menos atletas. Programarase a proba de forma conxunta ás 16:30h

Importante: A lonxitude máxima dos cravos das zapatillas será de 6mm (segundo indicación do fabricante da instalación). Non se permitirá acceder á zona de competición con cravos de maior lonxitude.

Art.12).- Participación:

A participación estará limitada a 12 atletas nos concursos.

No caso de coincidir a mesma marca para clasificarse, admitirase aquela marca con máis antigüidade.

Valerán marcas feitas dende o 1 de xaneiro de 2021



Art.13).- Nos lanzamentos e saltos horizontais cada participante poderá realizar 4 intentos.

Art.14).- Altura dos listóns: publicarase en función das marcas dos inscritos.

Art.15).- A distancia das táboas en lonxitude e triplo decidirse en función das marcas dos/as participantes, ata un máximo de 2, a decisión da Dirección Técnica.

Art.16).- Durante o transcurso do Campionato, un/a atleta pode ser excluído/a de participar nunha ou varias probas no caso de que se clasificase nas eliminatorias (no suposto de habelas) e non participase na rolda seguinte ou ben que confirmase a súa inscrición e non participe. Agás casos autorizados directamente polo Comité Técnico.

Art.17).- Condicións de Participación.

* Pendente da aprobación da actualización do protocolo Físicovid-DXT Galego da FGA por parte da Secretaría Xeral para o Deporte.

Condicións de participación atletas das categorías Sub 14, Sub 12 e Sub 10:

Non será preciso nin o certificado de vacinación, test de antíxenos ou certificado médico conforme se superou a infección por COVID -19, si que será preciso a entrega da Declaración Responsable na recollida de dorsais.

Art.18).- Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, existirá unha cota de inscrición de 2 euros e nas probas de control da FGA e fóra de concurso será de 4 euros por proba.

Art.19).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA competicion@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2021.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.20).- O aforo estará regulado conforme ás limitacións establecidas no momento da competición, seguindo sempre a normativa sanitaria e a normativa da instalación



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.21).- Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art.22).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 4 de marzo de 2022

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo